

## Actividade: Base de datos

### Que é?


A actividade *base de datos* permite construír un banco de rexistros sobre calquera tema ou asunto, así como realizar buscas e mostrar resultados. O formato do formulario, que pode ser creado polo profesor ou profesora, xunto coa estrutura das entradas, poden ser practicamente ilimitados, incluíndo imaxes, arquivos, direccións URL, números e texto, entre outras cousas.

Son múltiples as posibles aplicacións deste módulo. É unha ferramenta moi útil se pretendemos realizar unha recompilación colaboradora de libros, revistas, fotos, posters, sitios web, etc. permitindo que todos os participantes poidan agregar información e comentarios ás outras contribucións, e cualificalas. Polo tanto, como poderedes intuír, o uso desta actividade é moi variable; poderemos utilizala para que o alumnado vaia incorporando fotografías de especies de organismos vivos que se vaian estudando e que logo poderán ser visualizadas, ou fórmulas matemáticas, físicas ou químicas, ou tamén para construír espazos para compartir arquivos, recompilar conceptos acompañados de imaxes relativas (algo similar a un glosario ilustrado), para votar e comentar unha lista de logos, carteis, etc., todo dependerá da imaxinación do profesorado.

### Como crear unha base de datos

#### Configuración xeral


Para **crear unha base de datos** no noso curso deberemos escoller esta actividade no menú despregable (ver imaxe na marxe). Apareceranos unha páxina cun formulario coma este:



O primeiro a facer será darlle un nome e facer unha descrición da nosa base de datos. A continuación deberemos configurar:

- **Datas:** podemos establecer as datas nas que estará dispoñible a actividade, ademais de indicar as datas nas que estarán dispoñibles os resultados.
- **Entradas solicitadas:** podemos establecer o número de entradas mínimas a enviar por cada participante. A actividade non se considerará completada en tanto o usuario no teña enviado o número de entradas esixido.
- **Entradas solicitadas antes de verse:** permite indicar que número de entradas debe de realizar o usuario para poder ver o resto das entradas.
- **Número máximo de entradas:** é o número máximo de entradas que un usuario pode enviar.
- **Comentarios:** podemos activar esta opción para permitir que os usuarios fagan comentarios a cada entrada.
- **Solicita aprobación?:** se activamos esta opción, o docente deberá aprobar as entradas antes de que os estudantes podan verlas. É interesante para moderar o contido da base de datos, evitando entradas de contido non adecuado.
- **¿Permitir a clasificación das mensaxes?:** se activamos o cadro de verificación "Utilizar clasificacións", permitiranos cualificar cada unha das entradas.

Deixando todas as opcións por defecto e dándolle ao botón "gardar e continuar" apareceranos a páxina onde configurar os campos que se mostrarán na nosa base de datos.



Escollemos o tipo de datos que vai levar o campo despregando o menú "Crear un campo novo:" e elixiremos **url** xa que neste caso imos facer unha recompilación de accesos a páxinas interesantes que o alumnado poda aportar. Aparecerá entón o formulario no que deberemos dar un nome ao campo, unha descrición e indicar se queremos que se ligue automaticamente. Prememos no botón engadir e faremos isto tantas veces como enlaces que queiramos aporte o alumnado. Ao rematar xa teremos a nosa "BD" e o alumnado ao entrar nela engadirá enderezos premendo na pestana "engadir entrada" co que visualizará...

[Ver lista](#)   [Visualización simple](#)   [Engadir entrada](#)

---

**Nova entrada**

Enderezo1:    Url:

                  Texto:

Enderezo2:    Url:

                  Texto:

A "Url" será o acceso á páxina e o "Texto" o que queremos que se vexa no listado. Así, cando teñamos algunha entrada ou rexistro na base de datos, cando entremos nela veremos...




Recopilación de url's interesantes por tema! Participade!!!

[Ver lista](#)   [Visualización simple](#)   [Engadir entrada](#)

---

Enderezo1:    [Ensino-aprendizaxe mediante plataformas virtuais\\_escuela2.0](#)

Enderezo2:    [Instalación e administración da aula virtual con moodle\\_cepindalo](#)

---



















Entradas por páxina     Buscar     Ordenar por        


### Exemplo de utilización dunha base de datos.


En Ciencias da Natureza temos que tratar o tema de biodiversidade. Hai un gran descoñecemento entre o alumnado, da flora e fauna máis próxima a eles. Unha boa forma de abririlles os ollos a esa enorme biodiversidade que teñen tan cerca, é a de propoñerlles facer unha base de datos coas fotografías (e outros datos) de distintos organismos vivos da súa contorna.

## Biodiversidade

[Visualización simple](#)   [Engadir entrada](#)   [Modelos](#)   [Campos](#)   [Predefinicións](#)

| Nome do campo                      | Tipo de campo   | Descrición do campo           | Acción  |
|------------------------------------|---|-------------------------------|---|
| <a href="#">Fotografía</a>         |  Imaxe         |                               |   |
| <a href="#">Lugar</a>              |  Texto         | Indicade o lugar onde ...     |   |
| <a href="#">Data da fotografía</a> |  Data          |                               |   |
| <a href="#">Nome científico</a>    |  Texto         | Polo menos indicar o ...      |   |
| <a href="#">Nome vulgar</a>        |  Texto         | Poñede todos os nomes cos ... |   |
| <a href="#">Descrición</a>         |  Área de texto | Características máis ...      |   |

Crear un campo novo:  

Campo de ordenación por defecto:         

## Biodiversidade

Coas aportacións de todos e todas faremos unha base de datos de especies da nosa contorna! As fotografías que subades deben ser feitas por vós (poñede o voso nome na entrada "texto alternativo"), non podeades utilizar fotografías das que non sexades os autores ou autoras. Deberedes subir un mínimo de 5 para poder participar e 10 fotografías para acadar o aprobado. Para chegar ao dez na cualificación deberedes comentar as fotografías dos compañeiros e compañeiras segundo os criterios marcados polo profesor ou profesora. No campo descrición deberedes indicar a [clasificación](#).

[Visualización simple](#)

[Engadir entrada](#)

[Modelos](#)

[Campos](#)

[Predefinicións](#)

Fotografía:



Lugar:

Souto perto do encoro do Con, Vilagarcía de Arousa

Data da  
fotografía:

13 de Novembro de 2005

Nome científico:

*Amanita muscaria*

Nome vulgar:

Rebentabois, matamoscas ou falsa "oronja"

Descrición: É un cogomelo tóxico da orde Agaricales que non se debe confundir coa *Amanita caesare* que é comestible e moi apreciada.